



PROPOSTA DE NOVO ESCENARIO TEMPORAL DE CUMPRIMENTO DOS ACORDOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

O cumprimento dos preceptos da futura Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010, no suposto de que se aprobe coa redacción incorporada ao actual proxecto de Lei, suporá a suspensión durante ese ano, motivada polas actuais circunstancias económicas excepcionais, dos acordos da Mesa Sectorial que supoñan incrementos retributivos para o ano 2010.

Con independencia do necesario cumprimento dese previsible mandato do lexislador, a Administración Sanitaria ten manifestado ás organizacións sindicais a súa vontade de garantir o cumprimento dos referidos acordos.

Sobre estas bases, cómpre ratificar a capacidade negociadora da Mesa Sectorial establecendo no momento presente, incluso antes de que sexa efectiva a suspensión legal, as previsións necesarias para ordenar no tempo o futuro cumprimento dos acordos vixentes. Polo demais, estas previsións sobre execución futura dos acordos veñen a resolver en grande medida a incertidume dos colectivos afectados sobre futuro dos seus incrementos retributivos.

1.- Obxecto

A presente proposta ten por obxecto reprogramar no tempo o cumprimento dos incrementos retributivos anteriormente acordados na Mesa Sectorial para o período 2010-2012.

2.- Incrementos retributivos

Preséntase unha proposta de novo escenario temporal de cumprimentos dos acordos, coas seguintes bases:

2.a) Melloras salariais previstas para o ano 2010:

- No ano 2011 pagaríase o 50 %.
- No ano 2012 pagaríase o 50 %.



2.b) Melloras salariais previstas para o ano 2011:

- No ano 2012 pagaríase o 60 %.
- No ano 2013 pagaríase o 40 %.

2.c) Melloras salariais previstas para o ano 2012:

- No ano 2013 pagaríase o 100 %.

Coa anterior programación a data límite para o cumprimento de todas as melloras salariais é o 31 de decembro do 2013.

Excepcionalmente, no suposto de que as circunstancias económicas así o xustifiquen, a Administración poderá trasladar ao ano 2014 a execución parcial das melloras programadas para o ano 2013. Este aprazamento non poderá afectar a máis do 20 % das melloras correspondentes ao ano 2013, e será previamente negociado coa organizacións sindicais asinantes.

CADRO RESUMO

2011	2012	2013
50% mellora 2010	50% mellora 2010 60% mellora 2011	40% mellora 2011 100% mellora 2012

No suposto de que a mellora das circunstancias económicas así o permitan, este calendario será susceptible de revisión para anticipar pagamentos.

Este calendario de pago permite que ao longo do ano 2010 se poida negociar en mesa sectorial o réxime ordinario de carreira dos profesionais do Servizo Galego de Saúde, comprometéndose a administración sanitaria a comezar as avaliacións no ano 2011 dos profesionais que reúnan os requisitos que se establezan.

Nese mesmo ano negociarase un calendario de pagamentos aos profesionais obxecto do citado recoñecemento e sucesivos para abordalos en función das circunstancias económicas con efectos económicos a partir do ano 2011.

Como ANEXO ao presente documento incorpórase o novo escenario temporal para cumprimento dos acordos vixentes.



**NOVO ESCENARIO TEMPORAL DE CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE
MELLORA SALARIAL E CONDICIÓNS DE TRABALLO PREVISTAS PARA O
PERÍODO 2010-2012 NO ACORDO 2008-2012**

() Nos apartados 2.D) e 5) contense referencia ao prazo de execución dos incrementos retributivos, nos conceptos de nocturnidade e festividade, previstos para o persoal médico e DUE dos PAC no Acordo de Mesa Sectorial do 14 de marzo de 2008 (DOG nº 115, do 16/06/2008)*

1.- INCREMENTO XERAL DAS RETRIBUCIÓNS FIXAS ANUAIS PARA O PERSOAL DE TODAS AS CATEGORÍAS

A.- ANO 2011

Con efectos do **1 DE XANEIRO DE 2011**, realizarase un incremento xeral das retribucións fixas anuais para o persoal de todas as categorías, segundo a escala que se reflicte no apartado 7.a do Acordo 2008-2012, para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

A dito incremento destinarase un total de **7.500.000 €**, que equivale ao 50% das melloras previstas en dito concepto, para o ano 2010, no Acordo 2008-2012.

B.- ANO 2012

Con efectos do **1 DE XANEIRO DE 2012**, realizarase un incremento xeral das retribucións fixas anuais para o persoal de todas as categorías, segundo a escala que se reflicte no apartado 7.a do Acordo 2008-2012, para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

A dito incremento destinarase un total de **18.900.000 €**, que equivale ao 50% do importe das melloras previstas en dito concepto para o ano 2010 e o 60% das fixadas no citado Acordo, correspondentes ao ano 2011.



C.- ANO 2013

Con efectos do **1 DE XANEIRO DE 2013**, realizarase un incremento xeral das retribucións fixas anuais para o persoal de todas as categorías, segundo a escala que se reflicte no apartado 7.a do Acordo 2008-2012, para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

A dito incremento destinarase un total de **26.600.000 €**, cantidade equivalente ao 40% do importe das melloras prevista en dito concepto para o ano 2011 e o 100% das fixadas no citado Acordo, correspondentes ao ano 2012.

CADRO RESUMO

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	7.500.000 €	18.900.000 €	26.600.000 €

2.- COMPLEMENTO DE ATENCIÓN CONTINUADA DO PERSOAL DIPLOMADO E TÉCNICO SANITARIO/ PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS

Progresarase na mellora retributiva do complemento de atención continuada do persoal diplomado e técnico sanitario e de xestión e servizos, potenciando especialmente a retribución do factor nocturnidade, e avanzando na retribución concorrente dos dous factores (nocturnidade e festividade).

2.A.- NOITES

A mellora retributiva do factor nocturnidade, **no importe total para o período 2010-2012 de 9 €**, fixado no apartado 7 do Acordo 2008-2012, farase efectiva, con data de 1 de xaneiro da respectiva anualidade, nos seguintes termos:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	1,50 €	3,30 €	4,20 €

2.B.- NOITES DE SÁBADO A DOMINGO/VÉSPERA DE FESTIVO

A mellora retributiva da xornada nocturna que se realice de sábado a domingo e véspera de festivo, **no importe total de 18 € para o período 2010-2012**, previsto no



apartado 7 do Acordo 2008-2012, farase efectiva, con data 1 de xaneiro da respetiva anualidade, nos seguintes termos:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	3 €	6,60 €	8,40 €

2.C.- DOMINGOS E FESTIVOS

A mellora retributiva da prestación de servizos en domingo ou festivo, **por importe total de 3 € para o período 2010-2012**, farase efectiva, con data 1 de xaneiro da respectiva anualidade, nos seguintes termos:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	0,50 €	1,10 €	1,40 €

2.D.- DUEs PAC:

A mellora retributiva das noites e noites prefestivas farase efectiva na mesma porcentaxe e datas de execución que as previstas para o persoal DUE de institucións hospitalarias.

Dita previsión debe ser complementada co establecido, respecto a dito colectivo de persoal, no *Acordo de Mesa Sectorial do 14 de marzo de 2008 (DOG do 16/06/2008), sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e DUE dos PAC*. Consonte a disposición transitoria do citado Acordo, no ano 2009 estase a pagar o 80% das contías finais dos complementos de nocturnidade e festividade. No ano 2010 sumárase o 20% restante. A suspensión suporá que o 50% dese incremento aplicarase no ano 2011 e o 50% restante no ano 2012.

3.- GARDAS MÉDICAS

Progresarase na mellora retributiva das gardas médicas ata acadar o valor da hora ordinaria. A tal efecto, aplicarase con efectos de 1 de xaneiro de cada anualidade, os seguintes incrementos:



3.A.- GARDA DE PRESENZA FÍSICA

O incremento do prezo da garda de presenza física, **no importe total de 3 € no período 2010-2012**, aplicarase con efectos de 1 de xaneiro de cada ano, nos termos que a continuación se indican:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	0,50 €	1,10 €	1,40 €

3.B.- GARDA LOCALIZADA

O incremento do prezo da garda localizada farase efectivo en contía proporcional ao prezo da garda de presenza física.

3.C.- GARDA EN DOMINGO E FESTIVO

O incremento do prezo da garda realizada en domingo ou día festivo, previsto no Acordo 2008-2012, **nun importe total de 5,10 € para o período 2010-2012**, aplicarase, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano, nos termos que a continuación se indican:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	0,85 €	1,87 €	2,38 €

3.D.- GARDAS PERSOAL DIPLOMADO SANITARIO

A mellora retributiva das gardas do persoal diplomado sanitario farase efectiva na mesma porcentaxe e datas de execución que as prevista para o persoal licenciado sanitario.

4.- MÓDULOS DE EQUIPOS DE TRANSPLANTES, PERFUSIÓN, HEMODINÁMICA E HISTOLOXÍA

O incremento do prezo dos módulos de transplantes, perfusión, hemodinámica e histoloxía, **na porcentaxe do 15% para o período 2010-2012**, farase efectivo, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano, nos termos que a continuación se indican:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	2,5%	5,5%	7%

5.- VALOR/HORA DA RETRIBUCIÓN POR NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE DO PERSOAL MÉDICO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS E PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA

O incremento do valor/hora da retribución por nocturnidade e festividade do persoal médico incluído no ámbito de aplicación dos Acordos de 2 de marzo de 2007 (DOG do 23 de abril) e 14 de marzo de 2008 (DOG do 16 de xuño), **na porcentaxe do 15% na totalidade do período 2010-2012**, aplicarase, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano, nos termos que a continuación se indican:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	2,5%	5,5%	7%

A mellora exposta, debe complementarse, con relación ao persoal médico dos PAC coa asinada no Acordo de Mesa Sectorial do 14 de marzo de 2008 (DOG do 16/062008), sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e DUE dos PAC. Consonte a disposicións transitoria do citado Acordo, no ano 2009 estase a pagar o 80% das contías finais dos complementos de nocturnidade e festividade. No ano 2010 sumárase o 20% restante. A suspensión suporá que o 50% dese incremento aplicarase no ano 2011 e o 50% restante no ano 2012.

6.- ENFERMEIROS/AS, FISIOTERAPEUTAS E TRABALLADORES/AS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA (DESPRAZAMENTOS EN VEHÍCULO PROPIO)

A dotación adicional no citado concepto, prevista no apartado 7.d) do Acordo 2008-2012, por **un importe de 165 € en cada unha das anualidades do período 2010-2011**, farase efectiva nos seguintes termos:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	82,50 €	181,50 €	66 €

7.- INDEMNIZACIÓN POR MANUTENCIÓN DO PERSOAL DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA (PAC) QUE DESENVOLVAN A SÚA XORNADA EN DOMINGOS E FESTIVOS

O incremento do valor da indemnización por manutención **por importe de 10 €**, a partir do 1 de xaneiro de 2011, farase efectivo nos seguintes termos:

	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	6 €	4 €

8.- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE VARIABLE DO PERSOAL ODONTÓLOGO, FARMACÉUTICO DE ATENCIÓN PRIMARIA, TÉCNICO DE SAÚDE E MÉDICO DE DESPRAZADOS

O incremento do CPV do persoal odontólogo, farmacéutico de atención primaria, técnico de saúde e médico de desprazados ata a súa equiparación co CPV asignado aos médicos de familia farase efectivo nos seguintes termos:

8.A.- ODONTÓLOGO DE ATENCIÓN PRIMARIA

O incremento do CPV na cantidade de **491,67 €**, correspondente ao ano **2010** farase efectivo nos seguintes termos:

	ANO 2011	ANO 2012
Total incremento	245,84 €	245,83 €

Co aboamento das cantidades arriba expostas produciríase a total equiparación do CPV do citado colectivo ao correspondente a médico de familia.

8.B.- FARMACÉUTICO DE ATENCIÓN PRIMARIA

O incremento do CPV na cantidade de **500 € correspondente ao ano 2010 e 592,68 € correspondente ao ano 2011**, farase efectivo nos seguintes termos:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	250 €	605,61 €	237,07 €



Co aboamento das cantidades arriba expostas produciríase a total equiparación do CPV do citado colectivo ao correspondente a médico de familia, nos termos do Acordo 2008-2012.

8.C.- TÉCNICO DE SAÚDE

O incremento do CPV na cantidade de **500 €**, correspondente ao ano 2010 e **592,68 €**, correspondente ao ano 2011, farase efectivo nos seguintes termos:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	250 €	605,61 €	237,07 €

Co aboamento das cantidades arriba expostas prodúcese a total equiparación do CPV do citado colectivo ao correspondente a médico de familia.

8.D.- MÉDICO DE DESPRAZADOS

O incremento do CPV na cantidade de **500 €** correspondente ao ano 2010 e **592,68 €** correspondente ao ano 2011, farase efectivo nos seguintes termos:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	250 €	605,61 €	237,07 €

Co aboamento das cantidades arriba expostas prodúcese a total equiparación do CPV do citado colectivo ao correspondente a médico de familia, nos termos do Acordo 2008-2012.

9.- EQUIPARACIÓN DO VALOR DA NOITE E FESTIVO DO PERSOAL DIPLOMADO SANITARIO, TÉCNICO SANITARIO E PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS, QUE PRESTA OS SEUS SERVIZOS EN INSTITUCIÓNS HOSPITALARIAS, CON VINCULACIÓN FUNCIONARIAL E LABORAL, AO PREVISTO PARA O PERSOAL ESTATUTARIO

Na execución da citada mellora, nos termos da disposición adicional 6ª do Acordo 2008-2012 aplicaranse as porcentaxes e datas de cumprimento recollidas nas bases xerais, producíndose a plena equiparación, neste concepto, entre os tres colectivos de persoal, no ano 2013.



10.- OUTRAS MEDIDAS DE MELLORA LABORAL PENDENTES DE CONCRECIÓN NA SÚA DISTRIBUCIÓN

10.1.- INCREMENTO DA RETRIBUCIÓN POR TRABALLO A QUENDAS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN DÍAS DE ESPECIAL SIGNIFICACIÓN.

A masa económica global asignada no Acordo para o período 2010-2012, pendente da súa concreción na Comisión de Seguimento é de **1.700.000 €**. A masa que se indica aplicarase no novo escenario temporal de cumprimento do Acordo coa seguinte distribución:

	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013
Total incremento	300.000 €	660.000 €	740.000 €

10.2.- FONDO DE ACCIÓN SOCIAL

Resérvase a contía de **1.000.000 €** para incrementar o fondo destinado a acción social no período 2011-2013.

11.- COMISIÓNS TÉCNICAS

As Comisións Técnicas constituídas no Acordo 2008-2012 avanzarán nos seus traballos de cara á presentación das conclusións dos mesmos no ano 2010, para a súa posterior negociación en Mesa Sectorial.

**PLANO DE PAGAMENTO
CARREIRA PROFESIONAL EXTRAORDINARIA**

2011	2012	2013
50% mellora 2011	50% mellora 2010 60% mellora 2011	40% mellora 2011 100% mellora 2012

DIPLOMADO SANITARIO

Contías por graos	2011	2012
Grupo B	1.913	1.950

XESTIÓN E SERVIZOS SANITARIO FP

Contías por graos	2011	2012	2013
Grupo A	2.438	2.484	2.500
Grupo B	1.705	1.738	1.750
Grupo C NON SAN	1.113	1.162	1.180
Grupo C SAN	1.113	1.162	1.180
Grupo D NON SAN	945	986	1.000
Grupo D SAN	945	986	1.000
Grupo E	738	780	800

DIPLOMADO SANITARIO DECRETO 91/2007

Contías por graos	2011	2012	2013
Grupo B	1.837,5	1.920,0	1.950,0

**XESTIÓN E SERVIZOS /
SANITARIOS DE FP DECRETO 91/07**

Contías por graos	2011	2012	2013
Grupo A	2.393	2.442	2.500
Grupo B	1.675	1.708	1.750
Grupo C NON SAN	1.068	1.117	1.180
Grupo C SAN	1.068	1.117	1.180
Grupo D NON SAN	908	949	1.000
Grupo D SAN	908	949	1.000
Grupo E	713	740	800

RECOÑECEMENTO NOVOS GRAOS

GRAO IV DIPLOMADOS LEI 16/01		
	Xullo 2011	2012
Grupo B	459,38	1.920

GRAO IV XESTIÓN E SERVIZOS E SANITARIOS DE FP			
	Xullo 2011	2012	2013
Grupo A	609,38	2.484	2.500
Grupo B	418,75	1.738	1.750
Grupo C NON SAN	266,88	1.162	1.180
Grupo C SAN	266,88	1.162	1.180
Grupo D NON SAN	226,88	986	1.000
Grupo D SAN	226,88	986	1.000
Grupo E	178,13	780	800

GRAO IV LICENCIADOS SANITARIOS DECRETO 91/07		
	Xullo 2011	2012
Licenciados sanitarios	750,00	3.000

GRAOS III E IV DIPLOMADOS SANITARIOS DECRETO 91/07				
	Xullo 2011	2012	Xullo 2012	2013
Grupo B	Grao III 459	Grao III 1.920	Grao IV 576	Grao IV 1.950

GRAOS III E IV XESTION E SERVIZOS / SANITARIOS DE FP DECRETO 91/07				
	Xullo 2011	2012	Xullo 2012	2013
Total Grupo A	Grao III 598,13	Grao III 2.442	Grao IV 733	Grao IV 2.500
Total Grupo B	418,75	1.708	512	1.750
Total Gr. C NON SAN	266,88	1.117	335	1.180
Total Grupo C SAN	266,88	1.117	335	1.180
Total Gr. D NON SAN	226,88	949	285	1.000
Total Grupo D SAN	226,88	949	285	1.000
Total Grupo E	178,13	740	222	800